



## CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA



A Constitución Española de 1978 reconece un amplo catálogo de dereitos humanos, civís e políticos, e garante un marco de convivencia que ha de ser protexido e respectado polos poderes públicos.

A Constitución é a maior expresión do interese público e xeral, porque é unha norma que recolle todas as conquistas sociais e, entre elas, o dereito á defensa, que reserva á Avogacía.

Os profesionais da Avogacía son os encargados de artellar e defender, desde a independencia, os dereitos e intereses dos cidadáns. E, para esa tarefa, a Constitución é o libro básico, o texto fundamental ao que acudimos ante a ar-

### CONSTITUCION ESPAÑOLA

Aprobada  
por las Cortes  
el 31 de Octubre  
de 1978

REFERENDUM NACIONAL 6 DE DICIEMBRE.

bitrariedade da lei ou dos poderes públicos. Ante a inxustiza, veña de onde veña.

Por iso, a Constitución española é a nosa ferramenta diaria, o noso libro de cabeceira.

Os seus corenta anos de vixencia teñen moito que ver co actual período de paz social, probablemente o máis longo da historia de España. Aínda así, o Tribunal Europeo

de Dereitos Humanos ten condenado ao Estado Español en máis de 100 ocasións por tela vulnerado, o que nos obriga a unha profunda reflexión. Detrás de cada condena había unha vulneración dos dereitos fundamentais, e un letrado ou unha letrada loitando contra esa vulneración.

Ao amparo da Constitución, a Avogacía sigue a cumprir unha función social, colaborando coa Administración de Xustiza e prestando o servizo público de asistencia xurídica gratuíta ás persoas que carecen de recursos para litigar.

Por iso, o aniversario da Constitución debe ser a celebración da democracia, e a Avogacía quere celebrala tamén.